

**Estudos
Papers**

As secuencias fixas en kikôngò: os frasesmas construídos con nomes de partes do corpo¹

Dolors Català Guitart e Inocente Luntadila Nlandu

Universidade Autónoma de Barcelona

Resumo: Os estudos fraseolóxicos suscitan un interese crecente dende os anos 80. neste sentido, a fixación constitúe un elemento esencial na descrición das linguas. Porén, no que concirne ao kikôngò, non existen estudos que tratasen previamente este fenómeno. O obxectivo deste artigo é clasificar e describir brevemente algúns frasesmas, en concreto os frasesmas somáticos, seguindo o enfoque lexicolóxico da teoría sentido-texto. En primeiro lugar, falaremos de xeito conciso do marco teórico que sustenta este traballo aplicado por primeira vez ao kikôngò, despois examinaremos o campo notional e lexicol dos nomes das partes do corpo así como o seu valor simbólico. Finalmente abordaremos a descrición dunha clase de frasesmas, as locucións verbais, segundo a súa natureza metafórica ou metonímica..

Palabras clave: fraseoloxía, secuencia fixa, frasesma, frasesma somático, locución verbal, nome de parte de corpo.

Abstract: Phraseological studies present a great interest since the 80s. Moreover, the frozen expression is an essential aspect in the description of languages, however, as regards the kikôngò, there is no research related to this phenomenon. The objective of this article is to classify and describe briefly some phrasemes including somatic phrasemes, following the lexicological approach of meaning-text theory. First, we briefly discuss the theoretical framework applied for the first time in kikôngò, then we examine the notional field and lexical body parts names and their symbolic role; finally, we discuss the description of a class phrasemes, verbal locutions, according to their metaphorical or metonymic sense.

Key-words: phraseology, fixed sequence, phraseme, somatic phraseme, verbal locution, body part noun.

¹ Data de recepción: 12.06.2016. Data de aceptación: 01.09.2016.

Tradución feita por Elena Sánchez Rodicio e Carlos Freire Punzón.

Cette recherche a été financée par le *Ministerio de Economía y Competitividad* espagnol dans le cadre du project R&D FF12013-44185-P *Jerarquía de etiquetas semánticas (español-francés) para los géneros próximos de la definición lexicográfica.*

1. Introducción

Toda lingua se caracteriza por construcións libres, isto é, sometidas soamente a restricións de distribución e de semántica previsibles pero tamén por construcións que presentan certas restricións combinatorias. Estas últimas recibiron diversas denominacións, tales como expresión ou xiro idiomático, expresión figurada, expresión fixa, expresión idiomática, locución, frasema... O kikôngò² non é unha excepción neste fenómeno e polo tanto o seu léxico comprende todos os tipos de secuencias fixas. Sinalemos que o termo que empregamos aquí para referirmos ás unidades fixas é, a semellanza de Mel'čuk, o de frasema, é dicir, de xeito informal, un sintagma que non se pode construír segundo as regras xerais da lingua (Mel'čuk 2013).

Os frasemas pertencen a campos semánticos diferentes como *a morte, as emocións, o comer, o beber* etc. e constrúense baseándose en léxico de diversas orixes como *os nomes das partes do corpo, os animais, os legumes, as cores, as cifras* etc.

Por outra banda, os frasemas fórmanse grazas a diferentes mecanismos sintácticos e semánticos entre os que podemos mencionar a metonimia e a metáfora. Esta última pode ser accesible e corresponder á experiencia común e, polo tanto, estar presente nos diversos sistemas lingüísticos, pero tamén pode ser menos evidente e ter que ver con factores culturais propios. Os nomes das partes do corpo son unha fonte de formas fixas e constitúen un molde produtivo importante. Están presentes na vida cotiá e son o motivo polo que parece pertinente abordalos.

Este artigo centrarase esencialmente nos frasemas *somáticos*, a saber, os frasemas construídos con nomes de partes do corpo, de agora en diante NPC, como 'ntu': *cabeza*, 'ntúlu': *peito*, 'móoko': *mans*, 'nlémbo': *dedo*, 'máalu': *pés* etc. Este tipo de expresións suscitan varias preguntas: cal é o papel simbólico das diferentes partes do corpo en kikôngò? Nos frasemas somáticos, os NPC escóllense ao azar? Que relación semántica hai entre un frasema dado e a parte do corpo empregada? Os frasemas somáticos teñen unha relación transparente, opaca, metafórica ou metonímica, ou diferente con respecto ao seu significado orixinal?

Para tentar responder ás ditas preguntas, comezaremos definindo brevemente o marco teórico que sustenta a nosa investigación, falaremos despois dos nomes das partes do corpo e do seu simbolismo, e por último describiremos sistematicamente un conxunto de locucións verbais que listamos para evidenciar as relacións semánticas entre os nomes de partes do corpo, o verbo e o valor connotativo que transmiten.

² O kikôngò é a lingua bantú falada na África central e na austral. Os falantes do kikôngò viven en catro países situados na costa do océano Atlántico, a saber: Angola, a República Democrática do Congo, a República do Congo e Gabón. O kikôngò é unha lingua prefixada e tonal (cf. NDONGA, Mfuwa, 2011). O kikôngò que se usa neste traballo está na variante kisikôngò, falada en Mbanza Congo, Kwimba e Nzetu, en Angola.

2. Marco teórico

A nosa investigación apóiase nos traballos relacionados coa fixación proposta no seo da teoría sentido-texto. Esta noción baséase no concepto de frasema. Os frasemas, segundo Mel'čuk (2013), son enunciados multilexémicos non libres divididos en frasemas lexicais e frasemas semántico-lexicais. Os primeiros inclúen os tipos de colocacións e locucións, e os últimos incorporan os clixés.

Para definir mellor os diferentes frasemas, Mel'čuk recorreu á noción de pivote semántico. Se o sentido 'X' dun sintagma X se pode dividir en dúas partes 'X1' e 'X2' de xeito que 'X2' é un predicado e 'X1' o seu argumento, 'X' = 'X2(X1)', polo tanto 'X1' é o pivote semántico do sentido 'X'. Por exemplo, na frase *mercar un libro*, *mercar* é o elemento dominante e *libro* é o pivote semántico.

As colocacións, ou frasemas compositivos, son frasemas semirestrinxidos. Un dos compoñentes, a base, escólleo libremente o falante mentres que o outro compoñente, o colocativo, é seleccionado en función do sentido que se quere expresar, como se pode ver no seguinte exemplo: '*Petelo zeye minkunga myomyo mu mbúndu*': *Petelo coñece estes cánticos de memoria*, onde temos a colocación descrita pola función lexical estándar **Bon** que expresa o sentido laudatorio presente en *mbúndu*:

Bon ('zaya': coñecer) = '*mu mbúndu*': *de memoria* ('*zaya mu mbúndu*': *coñecer perfectamente ben*).

Entre as locucións, os frasemas con distintos graos de non-composicionalidade, distínguense tres subtipos en función da inclusión do sentido dos compoñentes no sentido da locución (Mel'čuk 2013: 134): as locucións fortes, semilocucións e cuasilocucións.

Deste xeito, unha locución forte non inclúe no seu significado total ningún dos sentidos dos seus compoñentes. Como exemplo, o sentido da locución forte '*Petelo budidi ntúlu mu malongi ma bana*', literalmente, '*Petelo golpea o peito pola escolaridade dos nenos*', quere dicir '*Petelo responde pola escolaridade dos nenos*'. Non inclúe nin o sentido '*bula*': *golpear*, nin o de '*ntúlu*': *o peito*.

Unha semilocución inclúe dentro do seu significado o sentido dun dos seus compoñentes, mais sen ser en calidade de pivote, e non inclúe o sentido do outro. Ademais, aparece un sentido engadido que constitúe o pivote semántico da semilocución, como en '*diisu dya Nzambi dimonanga mambu mawonso*', literalmente, '*o ollo de Deus ve tódalas cousas*', ou, dito doutro xeito, '*a omniscencia de Deus*'.

Finalmente, unha cuasilocución comprende no seu significado o sentido de todos os compoñentes mais non como pivote semántico. Deste xeito, inclúe tamén un sentido adicional que ten o papel de pivote semántico, como é o caso do frasema '*Petelo fwidi méeso*', literalmente, *Petelo ten os ollos mortos*, é dicir, *Petelo é cego*.

Por último, están os clixés, frasemas semántico-lexicais que son semanticamente compositivos e están restrinxidos polos seus compoñentes. Comprenden clixés propiamente ditos como '*myula kwa se wuna?*', literalmente, '*cantos anos tes ti?*'.

é dicir, ‘*cantos anos tes?*’, aos que se engaden proverbios cun sentido composicional, coma ‘*vo bakidi mwivi, kanga taba dyani*’: *se colles a un ladrón, aprópiate do seu taparrabos*. Pero comprenden tamén clixés restrinxidos pola situación do seu uso, os *pragmatemas*, como por exemplo ‘*nzila nsiku*’, literalmente, *camiño da lei*, que quere dicir *paso prohibido*.

Tamén nos baseamos nalgunhas propostas levadas a cabo por Gaston Gross (2012) no que concirne á clasificación semántica dos predicados. Deste xeito, tanto as locucións verbais que funcionan globalmente como os verbos simples poden pertencer ás clases semánticas de acción, estado e acontecemento e ás súas superclases correspondentes: accións voluntarias e conscientes, accións nin voluntarias nin conscientes; estados físicos, psicolóxicos, aparencia física e estados situacionais; acontecementos fortuítos, organizados, cíclicos, e accións e estados relacionados con acontecementos.

No marco deste traballo ímonos centrar esencialmente nos diferentes tipos de locucións verbais nas que o verbo e un elemento que designa o corpo, ou unha das partes deste, van fixados xuntos.

3. Os nomes de partes do corpo

O campo nocional e lexical do corpo foi obxecto de numerosos estudos, pois tal e como afirma Martins-Baltar (1999: 71): “Il se trouve que le corps est un objet de choix pour la lexicologie, ne serait-ce que parce que chacun est à la fois le sujet et l’objet de son corps propre. [Resulta que o corpo é un obxecto de escolla para a lexicoloxía, aínda que só sexa porque cada un é á vez o suxeito e obxecto do seu propio corpo]”. Por esta razón é a base dun gran número de frasemas. Porén, os frasemas non só constitúen un material moi rico para analizar pola súa importancia numérica, senón que tamén o son pola súa singularidade como conxunto finito cunha estrutura irregular. Póñense de relevo algúns aspectos físicos e reais mediante a metáfora e a metonimia: utilízase a metáfora para transformar algunhas situacións concretas ou aspectos físicos en figuras máis abstractas e a metonimia para a representación do mundo dos sentimentos, dos estados de ánimo.

O conxunto destas características suscitou o interese e a atención dos diferentes investigadores. Citamos, a modo de exemplo, entre os traballos máis recentes concernentes ao francés dos que temos coñecemento, a descrición léxico-semántica das locucións que implican partes do corpo de Dubois-Charlier (2005), as aplicacións didácticas propostas por Català e Mellado (2001; 2004), González Rey (2007), así como os estudos contrastivos de Fekete (2003) e Crudu (2014)³.

O kikôngò aínda non dispón dos estudos sobre a descrición destas unidades e ese é o motivo polo que estamos interesados neste fenómeno.

Na formación dos frasemas somáticos, o kikôngò recorre a todas as partes do corpo como os órganos sensoriais, os membros, as partes visibles e tamén algúns órganos internos

³ No caso do alemán, sinalamos o estudo sintáctico-semántico de somatismos alemáns de Mellado Blanco (2004).

que garanten as principais funcións vitais. Por cuestións de pudor, as partes íntimas forman raramente parte dos frasemas.

A maioría deles serven para pór de relevo un estado físico como en '*lambula máalu*': N₀ <Nhum> + V + <NPC>: *estirar as pernas = morrer* ou psíquico '*kulula n'tima*': N₀ <NPC> + V: *baixar o corazón = tranquilizarse*, ou unha interacción entre os homes '*bulana móoko*': N₀ <Nhum> + V + <NPC> + Prép + N₁ <Nhum>: *golpearse as mans = chegar ás mans*.

Os nomes de partes do corpo son polisémicos, debido ao desprazamento semántico de referencia producido a partir da representación mental extralingüística. Deste xeito, '*ntú*': *a cabeza* designa unha parte do corpo pero tamén o centro da actividade cerebral. O ollo, '*disu*', é o órgano da vista e, se o consideramos na súa función de ver, pode ser na súa condición de foco da actividade mental tanto a mirada como o instrumento para observar.

Os valores ou funcións semánticas asociadas ás partes do corpo en kikôngò son en xeral parecidos a aqueles atribuídos na maioría das linguas europeas. Dependem de múltiples factores como a posición, a actividade ou o resultado que afecta a esta parte do corpo. Deste xeito, no que concirne á posición, a parte superior privilexiase en comparación coa parte inferior. En consecuencia, '*ntú*': *cabeza*, ao ser a parte do corpo situada no lugar máis alto, constitúe a parte nobre do corpo, aí onde se sitúa o cerebro, é dicir, o centro de decisión. Así pois, a cabeza denota superioridade, os frasemas relacionados con esta parte do corpo implican unha imaxe positiva, mentres que '*nkila*': *rabo*, a parte máis baixa, denota inferioridade e os frasemas con esa palabra proxectan unha imaxe máis ben negativa ou mesmo degradante. Observamos aquí unha diferenza co francés, que opón os *pés* á *cabeza*. A parte do corpo pode facer referencia á función vital que exerce. Por exemplo, o ollo é o órgano da percepción, remite á atención ou á vixilancia, incluso ao mesmo xuízo; o pé alude ao camiñar, o brazo evoca a acción, o traballo ou a forza. A man é extremadamente significativa porque é o símbolo da creación, pero tamén pode facer referencia ao apoio, á mestría, como veremos máis adiante. A boca é a sede da palabra, do que se di, os dentes relaciónanse cun carácter cortante etc. As partes do corpo poden mesmo caracterizar un estado físico. Neste sentido, o ventre pode ser tanto un signo de embarazo, '*nata kivùmu*': N₀ <Nhum: muller> + V + N₁ <Npc>: *levar o ventre = estar embarazada*, como expresión dun problema de saúde como a diarrea, o estrinximento, '*luta kivùmu*': N₀ <Npc> + V: *o ventre pasa = ter diarrea* etc. Destacamos que en francés non atopamos frasemas equivalentes, aínda que en francés a expresión *porter le ventre haut ou bas* [*levar o ventre alto ou baixo*] é un sinal para saber se a muller espera unha nena ou un neno.

Finalmente, sinalamos que no kikôngò os NPC máis frecuentes nas nosas listas, por orde de importancia numérica, son os seguintes: '*méeso*': *os ollos* con seis locucións, '*mbúndu*': *o corazón*, con cinco locucións, '*móoko*': *as mans* e '*kivùmu*': *o ventre* con catro locucións cada un, '*máalu*': *os pés* e '*ntúlu*': *o peito* con tres locucións cada un, '*méeno*': *os dentes* e '*mátu*': *as orellas*, con dúas locucións cada un. O resto de NPC teñen unha soa locución cada un.

4. Descrición da nomenclatura

Recollemos cento vinte e catro locucións extraídas en parte do noso repertorio de frasemas (Luntadila 2015), da nosa competencia lingüística como locutor nativo, así como das fontes lexicográficas bilingües (cf. bibliografía). Na análise que segue limitámonos a presentar os exemplos máis significativos. Dende un punto de vista metodolóxico, para cada parte do corpo daremos exemplos e analizaremos os graos de fixación para determinar o tipo de locución. Os NPC descríbense en función da súa importancia numérica.

4.1. ‘Méeso’: os ollos

Nos frasemas en kikôngò, construídos con ‘méeso’, o plural ‘méeso’: *os ollos* é máis habitual ca o seu singular ‘*diisu*’: *ollo*. Ademais, pola súa frecuencia nos frasemas, este NPC merece especial atención pois, como xa dixemos antes, non soamente representa a vista e a percepción, senón que tamén simboliza a mirada, o coñecemento etc.

Analicemos os seguintes exemplos:

Zibula méeso⁴: N₀ <Nhum> + V + N₁ <NPC >

- (1) ‘*Bansadi bazibwidi méeso mu minsiku mya ksalu*’: *Os traballadores abren os ollos sobre a lei do traballo = Os traballadores prestan atención á lei do traballo.*

Nesta expresión, nin o sentido de ‘*zibula*’: *abrir* nin o de ‘*méeso*’: *os ollos* se atopan no sentido do frasma. Trátase, polo tanto, dunha locución forte. ‘*Méeso*’ desencadea a lectura idiomática de *estar atento* para evitar caer nunha trampa ou enganarse.

Kanga méeso: N₀ <Nhum> + V + N₁ <NPC>

- (2) ‘*Petelo mwivi kena kansi se dyani kanganga méeso*’: *Petelo é un ladrón pero o seu pai pecha os ollos = Petelo é un ladrón pero o seu pai déixao estar.*

Na locución ‘*Kanga méeso*’: *pechar os ollos* ningún dos sentidos dos compoñentes está incluído, polo que estamos ante unha locución forte. A locución significa *deixar estar*; é dicir, aceptar unha mala conduta por parte dunha persoa sen sancionar a persoa que comete a falta. Por conseguinte, esta locución evoca a idea de *tolerar*, *ignorar* ou *pasar por alto*.

Sá méeso: N₀ <Nhum> + V + N₁ <NPC>

- (3) ‘*Petelo wusanga méeso mu kimvwama kya Madiya*’: *Petelo pon os ollos sobre a riqueza de Madiya = Petelo desexa a riqueza de Madiya.*

A secuencia ‘*sá méeso*’: *poñer os ollos = desexar algo* é unha locución forte, xa que o seu sentido non comprende nin o de ‘*sá*’: *poñer* nin o de ‘*méeso*’: *os ollos*. O feito de

⁴ *Abrir os ollos* xa é unha metáfora, igual que *pechar os ollos*, pois o que abrimos e pechamos son as *pálpebras* e non os *ollos*. Esta expresión é unha catacrese.

desexar está formulado mediante os ollos por metonimia, xorde dende o principio como principal defecto a través dos ollos e permite suavizar a denominación.

Tukisila méeso: N_0 <Nhum> + V + N_1 <NPC>

- (4) *'Petelo tukisidi méeso ku mwana mu dyambu vangidi uzowa': Petelo abriulle os ollos coma pratos ao neno por facer unha parvada = Petelo manifestoulle a súa desaprobación ao neno por facer unha parvada.*

O frasema *'tukisila méeso'*: *abrir os ollos coma pratos* é unha semilocución pois o sema 'ollos' entra no significado global da locución. Utilizamos esta expresión como referencia ao xesto que consiste en abrir moito os ollos, como manifestación do desacordo ou mesmo da ameaza. A *reprimenda* constitúe o pivote semántico.

Langidila ye méeso: N_0 <Nhum> + V + N_1 <Nhum> + Prép + N_2 <NPC>

- (5) *'Petelo wulangidilanga mwivi ye méeso': Petelo vixia atentamente o ladrón = Petelo ten o ladrón baixo custodia.*

Como conclusión, constatemos que *'langidila ye méeso'*: *vixiar atentamente* é unha cuasilocución na medida en que os semas de todos os compoñentes están presentes no significado global da locución e o pivote semántico é *vixiar*. Esta locución tradúcese por *ter baixo custodia*.

As locucións verbais que acabamos de examinar co nome *'méeso'*: *os ollos* fan referencia a diversas clases semánticas tales como as actividades humanas, a vixilancia e a supervisión. Son de natureza metafórica; as outras clases corresponden a estados psicolóxicos, a sentimentos como a cobiza e a actitudes como o desacordo, na que os ollos teñen un valor metonímico.

4.2. *'Mbúndu'*: *corazón*⁵

Metaforicamente, o corazón designa o lugar onde se producen os desexos, os sentimentos, as paixóns e os pensamentos secretos. Velaquí algúns exemplos de frasemas con este NCP:

Bwisa mbundu : N_0 <bebidas> + V + N_1 <NPC>

- (6) *'Maza mateka mbuta mabwisa mbúndu': A auga extraída polos vellos fai caer o corazón = A auga extraída polos vellos quita a sede.*

Esta locución é opaca, o seu sentido non é a suma dos sentidos de elementos individuais. Podemos coñecer ben o sentido dos elementos lexicais individuais, coma o de *'bwisa'*: *facer caer* ou o de *'mbundu'*: *corazón*, pero non o de *quitar a sede, calmar a sede*. Trátase pois, dunha locución forte na que asociamos metonimicamente *'mbundu'*: *corazón* á sede, xa que na cultura kongo é unha sensación que se sente no corazón.

Titila mbúndu: N_0 <Npc> + V + N_1 <motif>

⁵ O corazón en kikôngò pode ser designado por estes dous lexemas sinónimos: *'mbúndu'* e *'n'tima'*. Empréganse indistintamente.

- (7) *'Nyoka tatikidi Petelo buna mbúndu ititila': A serpe mordeu a Petelo e por iso lle treme o corazón = A serpe mordeu a Petelo e por iso ten medo.*

Este é outro caso de locución forte, non podemos deducir o seu significado do sentido dos elementos que a forman. *'Titila mbúndu'*: N_0 <NPC> + V, literalmente, *tremar o corazón*, significa *ter medo*. *'búndu'*: corazón designa metonimicamente a persoa que treme de medo.

Kanga mbúndu : N_0 <Nhum> + V + N_1 <NPC>

- (8) *'Petelo kenge mbúndu mpe kazolele sadisa dyaka ko': Petelo pechou o seu corazón e xa non quere axudar = Petelo fixose máis duro e xa non quere axudar.*

Trátase dunha locución forte porque o significado de *facerse máis duro* é difícil de determinar mediante cada compoñente da expresión. Esta locución baséase no uso metafórico do termo *'mbúndu'*: *corazón* que, neste caso, simboliza a xenerosidade.

Fimpa mbúndu: N_0 <Nhum> + V + N_1 <NPC>

- (9) *'Petelo vvidi fimpa mbúndu kadi mandangi kavanga': Petelo debe examinar o corazón xa que cometeu inxustizas = Petelo ten que facer un exame de conciencia por cometer inxustizas.*

O significado da locución *'fimpa mbúndu'*: *facer un exame de conciencia* só inclúe o significado do verbo *'fimpa'*: *examinar*; *escudriñar*, e o pivote semántico é a *conciencia*. Polo tanto, é unha semilocución. O *corazón* neste caso emprégase metonimicamente.

As locucións verbais que acabamos de presentar construídas co nome *'mbúndu'*: *o corazón* pertencen á clase dos estados, nas diferentes modalidades, como os estados físicos (estado de sensación: sede) ou estados psicolóxicos (estado interior: medo, estado moral: xenerosidade).

4.3. *'Kivùmu'*: o ventre

O ventre é un símbolo feminino que evoca a fecundidade e o embarazo, como se observa nos seguintes exemplos:

Katula kivùmu: N_0 <muller> + V + N_1 <NPC>

- (10) *'Mu dyambu dya mpasi, Madiya kakatudidi kiyùmui': Debido á miseria, Madiya quitou o ventre = Debido á miseria, Madiya abortou.*

A secuencia *'katula kivùmu'*: *quitar o ventre* é unha cuasilocución e significa *abortar*. Cada un dos seus elementos utilízase coa súa acepción metafórica: o verbo *quitar*, por unha banda, significa *perder* e, pola outra, o emprego metonímico de *ventre* que designa o embarazo; o *aborto* é o pivote semántico entre ambos os dous.

Kaka kivùmu : N_0 <NPC> + V

- (11) *'Kiyùmu kakidi mu dyambu madya ma Petelo kamena mambote ko': O ventre de Petelo está obstruído porque a súa alimentación non é boa = Petelo está*

estrinxido porque non ten unha boa alimentación.

'Kaka kivùmu': *obstruír o ventre* significa *estar estrinxido*. Trátase dunha cuasilocución, pois o sentido da locución comprende tanto o sentido de 'kaka': *obstruír* como o de 'kivùmu': *ventre*, con *estrinximento* como pivote semántico. Esta é unha metáfora que asocia o estrinximento co ventre.

As locucións construídas con este NPC refírense normalmente ás clases semánticas relativas a estados (embarazo, enfermidade etc.).

4.4. 'Móoko': *as mans*

A man asóciase frecuentemente ao contacto, o saúdo simboliza a liberdade, a autoridade, o poder, a acción. Nos frasemas do kikôngò, atopamos máis a miúdo o plural 'móoko' que o singular 'koko'. *Móoko* tradúcese indistintamente por *mans* ou *brazos*.

Vàana móoko : N₀ <Nhum> + V + N₁ <NPC> + Prép + N₂ <Nhum>

(12) 'Petelo vene móoko kwa Mpolo muna ntungulu a nzo': *Petelo deulle as mans a Mpolo para a construción da casa = Petelo axudou a Mpolo a construír a súa casa.*

Nesta locución nin 'vàana': *dar* nin 'móoko': *mans* nos permiten comprender ao momento o sentido do enunciado. É unha locución forte que significa *axudar, apoiar, contribuír, participar*. 'Móoko': *mans*, emprégase metaforicamente co sentido de axuda, xa que é de certa maneira a man o que proporciona a axuda. Hai que destacar que en francés existe unha locución parecida pero na que a parte do corpo está en singular: *donner la main à quelqu'un* [*darlle a man a alguén*]. Tamén ten o sentido de axudar a alguén, de proporcionarlle axuda.

Zinga móoko : N₀ <Nhum> + V + N₁ <NPC>

(13) 'Petelo wuyibanga bantu kansi se dyani wuzinganga móoko': *Petelo estafa a xente pero o seu pai crúzase de brazos = Petelo estafa a xente pero ao seu pai dálle igual.*

'Zinga móoko' é unha locución forte, de feito a suma dos sentidos de 'zinga': *cruzarse* e de 'móoko': *os brazos* non permiten descifrar o sentido figurado que é *dar igual, non actuar* ou *non reaccionar ante acontecementos*. Con todo, podemos dicir que a imaxe de *cruzarse de brazos* está clara culturalmente e implica a intención de non actuar.

Baka mu móoko : N₀ <Nhum> + V + N₁ <Nhum> + Prép + N₂ <NPC>

(14) 'Petelo bakidi mwivi mu móoko': *Petelo colleu o ladrón pola man = Petelo colleu o ladrón en flagrante delito.*

A secuencia 'baka mu móoko': *coller pola man* tamén é un caso de locución forte. O sentido total da locución non engloba o significado dos seus compoñentes, senón que significa *coller en flagrante delito*, dito doutro xeito, *pillar en pleno acto*. 'Móoko': *as mans* simbolizan a acción, xa que en caso de que o necesitemos podémolas utilizar

para atrapar o ladrón. Hai que destacar que a idea de coller a alguén en flagrante delito tamén se expresa con esta parte do corpo en español e en francés. Así pois, diríamos en español: *coger a alguien con las manos en la masa* [*coller alguén coas mans na masa*] e en francés *prendre quelqu'un la main dans le sac* [*pillar alguén coa man no saco*].

As locucións que inclúen ‘móoko: mans’ teñen que ver coa clase semántica das accións.

4.5. ‘Méeno’: os dentes

Os frasemas en kikôngò recorreron a este NPC para referirse aos obxectos afiados ou cortantes. As locucións fórmanse preferiblemente co plural do NPC ‘méeno’ que co singular ‘diinu’.

Baka méeno: N_0 <instrumentos> + V + N_1 <NPC>

(15) ‘Mbele yibakidi méeno’: *O coitelo colleu os dentes = O coitelo afiouse.*

‘Baka méeno’, literalmente *coller os dentes = afiarse*, é unha locución forte xa que o sentido total non é o resultado da combinación do sentido dos constituíntes lexicais. ‘Méeno’: *os dentes* aluden ao aspecto cortante dun obxecto, razón pola cal o suxeito desta locución verbal só pode ser un instrumento.

Fwa méeno : N_0 <instrumentos> + V + N_1 <NPC>

(16) ‘Mbele yifwidi méeno’: *O coitelo ten dentes mortos = O coitelo está desafiado.*

A locución verbal ‘fwa méeno’, literalmente *morrer os dentes*, non inclúe o sentido de ningún dos seus compoñentes; trátase dunha locución forte e o seu equivalente de tradución é *desafiarse*. O seu sentido non é composicional. Como acontecía na locución anterior ‘méeno’: *os dentes*, alude ao aspecto cortante. ‘Fwa méeno’ é unha metáfora que evoca o deterioro do carácter cortante dun obxecto. Por analogía, asociamos os dentes mortos á idea de estar desafiado.

Constatemos que os frasemas construídos con ‘méeno’: *os dentes* pertencen á clase semántica dos estados.

4.6. ‘Máalu’: os pés

As locucións que presentamos a continuación adoitan formarse co NPC plural ‘máalu’ con máis frecuencia que co singular ‘kúulu’, como no seguinte exemplo:

Sá máalu: N_0 <Nhum> + V + N_1 <NPC>

(17) ‘Ntangu yifwene, lusa máalu’: *Xa é hora, fai os pés! = Xa é hora, bule!*

‘Sá máalu’: *facер os pés* significa apresurarse. Trátase dunha locución forte na medida en que ningún dos seus compoñentes está incluído. ‘Máalu’: *os pés* designa mediante metonimia o desprazamento, porque os usamos para movernos.

Fwa máalu: N_0 <Nhum> + V + N_1 <NPC>

(18) ‘Mu dyambu dya kimbevo, Petelo fwidi máalu’: *Por mor da enfermidade, Petelo*

ten os pés mortos = Por mor da enfermidade, Petelo está paralítico.

A secuencia '*fwa máalu*': *estar paralítico* inclúe o sentido de '*fwa*': *morror* pero tamén o de '*máalu*': *os pés para acabar facendo referencia á parálise* como pivote semántico, polo que estamos ante unha cuasilocución. Esta locución designa o fallo dos pés que ten como consecuencia a parálise da súa función motriz.

O nome '*máalu*': *os pés* forma locucións pertencentes á clase semántica das accións e á dos estados, concretamente aos estados físicos (estado de saúde: enfermidade).

4.7. '*Ntúlu*': o peito

No referente ao NPC '*ntúlu*': *o peito*, observemos os seguintes exemplos:

Sumpika va ntúlu : N₀ <muller> + V + N₁ <criatura> + Prép + N₂ <NPC>

(19) '*Madiya sumpikidi mwana va ntúlu*': *Madiya puxo o bebé sobre o peito = Madiya dálle o peito á criatura.*

Destacamos que a secuencia '*sumpika mwana va ntúlu*': *poñer o bebé sobre o peito* é unha locución forte xa que é difícil adiviñar o sentido do frasema *dar o peito* a partir dos seus compoñentes. Mediante a metonimia, '*ntúlu*': *o peito* fai referencia aos seos que serven para aleitar a criatura.

Bela ntúlu: N₀ <Nhum> + V + N₁ <NPC>

(20) '*Tùuka kavutukidi ku mputu, Petelo ntúlu kabelanga*': *Dende que volveu de Europa, Petelo está enfermo do peito = Dende que volveu de Europa, Petelo sofre pneumonía.*

Na locución '*bela ntúlu*': *estar enfermo do peito*, o verbo '*bela*': *sufrir* e '*ntúlu*': *o peito* conservan o seu sentido xunto co sentido adicional de enfermidade como o seu pivote semántico. Trátase polo tanto dunha cuasilocución. '*Ntúlu*' simboliza por metonimia as enfermidades pulmonares, como ocorre coa pneumonía, xa que este tipo de enfermidades se desenvolven no peito.

As locucións formadas con este NPC pertencen á clase semántica das actividades humanas e aos estados de saúde.

4.8. '*Mátu*': as orellas

En francés atopamos frasemas construídos con esta parte do corpo tanto en singular coma en plural, mentres que en kikôngò estes frasemas se constrúen principalmente co plural '*mátu*'. Vexamos algúns exemplos:

Zibula mátu: N₀ <Nhum> + V + N₁ <NPC>

(21) '*Petelo zibwidi mátu mu wa nsangu za mbote*': *Petelo abre as orellas para escoitar o evanxeo = Petelo préstalle atención ao evanxeo.*

Na locución ‘*zibula matu*’: *abrir as orellas* a combinación dos sentidos de ‘*zibula*’: *abrir* e ‘*mátu*’: *as orellas non nos mostra o sentido de escoitar atentamente*. Trátase dunha locución forte constituída a partir dunha metáfora.

Fwa mátu: N₀ <Nhum> + V + N₁ <Npc>

(22) ‘*Petelo mátu mafwa*’: *Petelo ten as orellas mortas = Petelo é xordo*.

A locución ‘*fwa mátu*’ comprende o sentido de ‘*fwa*’: *morrer* e de ‘*mátu*’: *as orellas*, ademais do sentido adicional *xordeira* como pivote semántico. É unha cuasilocución que ten como equivalente *ser/ estar xordo*.

Os frasemas construídos con este NPC pertencen ao campo semántico das actividades humanas (vixilancia, atención) e ao dos estados (enfermidade, diversidade funcional).

4.9. ‘*Nima*’: *as costas*

Consideremos a seguinte locución construída co NPC ‘*nima*’, *as costas*:

Fwa nima: N₀ <Nhum>+ V + N₁ <NPC>

(23) ‘*Yu ufwidi nima, kalendi wuta ko*’: *O que ten as costas mortas non pode procrear = O que é estéril non pode procrear*.

Non podemos deducir o seu significado, *ser estéril*, do sentido dos compoñentes, polo que se trata dunha locución forte. ‘*Nima*’: *as costas* e ‘*fwa*’: *morrer* utilízanse de xeito metafórico.

Este NPC forma locucións do campo semántico dos estados físicos (enfermidade).

4.10. ‘*Nkila*’: *o rabo*

Como sinalamos no punto 3, pola súa posición, o rabo denota a última parte do corpo, a extremidade, e como tal denota o fracaso ou o feito de quedar atrás, de ser o último ou de depender de alguén como podemos ver no seguinte exemplo:

Baka nkila : N₀ <Nhum> + V + N₁ <NPC>

(24) ‘*Petelo bakidi nkila mu dyambu katanganga malongi ko*’: *Petelo colleu o rabo porque non repasou a lección = Petelo suspendeu porque non repasou a lección*.

É imposible determinar o sentido da locución *baka nkila* a partir do sentido das unidades que a compoñen. Coñecer o sentido de ‘*baka:coller*’ e de ‘*nkila*’ *rabo*, non permite comprender o sentido idiomático de *fracasar* nesta locución. Trátase polo tanto dunha locución forte. ‘*Nkila*’: *o rabo* asóciase coa idea de fracaso pola súa situación física no corpo.

Por outra banda, esta locución remite á clase de acontecementos fortuítos.

4.11. ‘*Ntú*’: *a cabeza*

Ao contrario que o rabo, a cabeza é a parte alta do corpo e, xa que logo, ten un valor de superioridade. Observemos a seguinte secuencia:

Kala ntú: N_0 <Nhum> + V + N_1 <NPC>

(25) *'Bana ba Nzambi bafwete kala ntú mu bima byawonso'*: Os nenos de Deus deben estar á cabeza en todo = Os nenos de Deus deben ter superioridade en todo.

A interpretación de *'kala ntú'*: *estar á cabeza* non se deduce a partir dos compoñentes, senón que se debe entender globalmente como toda locución forte. Significa *ter superioridade* ou *ser superior*. *'Ntú'*: *a cabeza* ten unha lectura idiomática de supremacía por ser a parte superior do corpo.

Deste xeito, esta locución pertence ao campo semántico dos estados psicolóxicos.

4.12. *'Mbómbo'*: o nariz

Examinemos un exemplo de locución formada co NPC *'mbómbo'*: *o nariz*.

Bakila mu mbómbo : N_0 <Nhum> + V + N_1 <Nhum> + Prép + N_2 <NPC>

(26) *'Petelo tele luvunu yidina Mpolo wumbakidi mu mbómbo'*: Petelo contou mentiras e por iso Mpolo colleuno polo nariz = Petelo contou mentiras e por iso Mpolo tomoulle a palabra.

'Bakila mu mbómbo': *coller polo nariz* é unha locución forte xa que o seu sentido non integra o sentido dos seus constituíntes no seu conxunto. A locución significa *tomarlle a alguén a palabra*, é dicir, confrontar un individuo a palabras ditas sen coidado nin intención.

Esta locución pertence á clase semántica das accións relacionadas cos acontecementos.

4.13. *'Luse'*: a cara

A seguir analizaremos unha locución formada co NPC *'luse'*: *a cara*.

Fila luse: N_0 <Nhum> + V + N_1 <NPC> + Prép + N_2 <Nhum>

(27) *'Nkele wufilanga luse kwa mbuta'*: O pequeno viralle a cara ao vello = O pequeno enfróntase ao vello.

'Fila luse' é unha locución forte porque o seu sentido xeral non implica o de *'fla'*: *virar* nin o de *'luse'*: *cara*. O seu sentido é opaco e significa *enfrontar*; *medirse con*.

Este frasema fai referencia ao campo semántico das accións relacionadas cos acontecementos.

4.14. *'Kosi'*: a caluga

No referente ás locucións fortes co NPC *'kosi'*: *a caluga*, destacamos o seguinte exemplo:

Wa va kosi: N_0 <Nhum> + V Prép + N_1 <NPC>

(28) *'Petelo kena mwana mbote ko, va kosi kawilanga': Petelo non é un neno bo, escoita pola caluga = Petelo non é un neno bo, non quere escoitar nada / pon cara de non escoitar.*

Trátase dunha semilocución porque o sentido global integra o de 'wa': *escoitar*, pero o pivote semántico é o *rexeitamento*. O frasema francés equivalente de 'wa va kosi': *escoitar pola caluga* sería *faire la sourde oreille (facen oídos xordos)*. 'Kosi': *a caluga* utilízase ironicamente porque é imposible escoitar algo pola caluga. É importante destacar que en francés non hai un gran coñecemento de frasemas construídos co termo *caluga*.

Este NPC forma parte do campo semántico das accións relacionadas cos acontecementos.

4.15. 'Nlémbò': o dedo

Para este NPC seleccionamos o seguinte exemplo:

Songidila nlémbo: N₀ <Nhum> + V + N₁ <Npc> + Prép + N₂ <Nhum>

(29) *'Petelo salidi uzowa idina Mpolo wunsongele nlémbo': Petelo fixo unha trasnada e por iso Mpolo sinalouno co dedo = Petelo fixo unha trasnada e por iso Mpolo condenouno.*

Na locución '*songidila nlémbo*': *sinalar co dedo*, o sentido do verbo '*songidila*': *sinalar* está implícito. Porén, non o está o do segundo elemento '*nlémbo*': *o dedo*. O pivote semántico entre ambos os dous é a reprobación; estamos pois ante unha semilocución. '*Nlémbò*': *o dedo* utilízase metonimicamente para sinalar unha persoa cuxa actitude é reprobable. Na lingua clásica francesa, esta locución tamén tiña o significado de '*désigner à la réprobation*' [*'ser desaprobado*'] (Rey; Chantreau 1997: 325), pero no francés actual perdeu esta acepción.

Indiquemos que este NPC se refire a accións relacionadas cos acontecementos.

4.16. 'Nwà': a boca

Este NPC adoita relacionarse co acto da fala. Consideremos o seguinte exemplo:

Kanga nwà: N₀ <Nhum> + V + N₁ <NPC>

(30) *'Lukanga nwà, dyambu dyodyo kadilutadidiko': Peche a boca, isto non é problema seu = Cale, isto non é problema seu.*

'*Kanga nwà*': *pechar a boca* significa *calar, permanecer en silencio*. É unha locución forte porque non comprende o sentido de '*kanga*': *pechar* nin o de '*nwà*': *a boca*. Por analoxía, este NPC fai referencia á palabra. Este NPC emprégase metaforicamente e o frasema tamén pertence ao campo semántico das accións relacionadas cos acontecementos.

5. A modo de conclusión

Os frasemas, como feito lingüístico universal, existen sen lugar a dúbida en kikôngò. Interesámonos polos frasemas somáticos en kikôngò, principalmente polas locucións

verbais como secuencias fixas particularmente abundantes, e clasificamos e describimos as secuencias máis significativas da nosa lista. Esperamos que estes exemplos, malia non ser exhaustivos, permitisen ilustrar as nosas observacións.

En primeiro lugar, observamos que os NPC cunha dimensión vital ocupan un lugar de maior importancia e son os máis utilizados, como *'mbúndu': o corazón*, *'méeso': os ollos*, *'móoko': as mans*, *'máalu': os pés*, *'méeno': os dentes*, *'ntúlu': o peito*, *'kiyùmu': o ventre*, *'mátu': as orellas*, *'ntú': a cabeza*, *'nwà': a boca*. Outros, pola contra, teñen un papel secundario e son menos comúns, como é o caso de *'nkila': o rabo*, *'mbómbo': o nariz*, *'nlémbo': o dedo*, *'ludimi': a lingua*, *'kosi': a caluga*, *'dibundi': a meixela e 'nsingu': o pescozo*. Outros nin sequera chegan a formar parte dun frasema verbal, como *'mbunzu': a fronte*, *'ndia': o intestino*, *'mika': o pelo*, *'lukutu': o estómago*, *'kisingini': o talón*, *'kibefo': o queixo*, *'nkonsongolo kulu': o nocello*, *'bu kyadisu': as pupilas*, *'kito': a coxa* etc.

Tamén sinalamos que os NPC que son dobres como *'méeso': os ollos*, *'máalu': os pés*, *'mátu': as orellas*, *'bibobo': os beizos*, *'mayeno': os peitos*, *'matako': as nádegas* ou *'móoko': as mans* se utilizan xeralmente en plural.

Con todo, os verbos máis frecuentes nas nosas listas de formación de frasemas somáticos son os seguintes: *'fwa*⁶: *morrer*, *'zibula': abrir* e *'kanga': pechar*.

Tamén nos decatamos de que existen algunhas restricións de selección nos argumentos dalgúns predicados (*'sumpika va ntúlu'* e *'katula kiyùmu'* só aceptan mulleres como suxeito N₀, mentres que *'fwa méeno'* e *'baka méeno'* só aceptan instrumentos como suxeito).

Nas nosas listas comprobamos que o campo das locucións fortes, o máis opaco, ten a maior cantidade de frasemas somáticos, mentres que o número de semi ou cuasilocucións é moi reducido.

A maioría dos frasemas citados serven, en xeral, para indicar, por exemplo, un estado físico ou moral, unha calidade, un comportamento ou unha actividade humana. Algúns frasemas expresan un saber máis ou menos universal, como *saber de memoria* (en francés, *connaître par coeur*, literalmente *coñecer de corazón*), *abrir* ou *pechar os ollos*, mentres que outros teñen a súa orixe nunha representación cultural, como *'kalula n'tima': caer o corazón = relaxarse*, *'wa va kosi': escoitar pola caluga = facer oídos xordos*, *'bakila mu mbómbo': coller polo nariz = tomarlle a alguén a palabra* etc.

Resulta necesario destacar que a escolla do NPC non é aleatoria, senón que responde a tres criterios, a saber: a función vital, a percepción do NPC e a súa situación. A función vital que exerce o NPC é o criterio principal na formación dun frasema. O segundo criterio é a percepción que a sociedade ten dun NPC. Algúns NPC percíbense como positivos, outros como negativos, pero esta é unha percepción puramente cultural. Por

⁶ O verbo *'fwa'*, asociado a un NPC, expresa a función léxica **Nocer**, mentres que os verbos *'zibula'* e *'kanga'* son **Oper** con sentido metafórico.

último, a situación física dunha parte do corpo forma tamén un elemento importante; as partes altas teñen prioridade sobre as baixas.

A natureza dos frasemas adoita caracterizarse por unha dobre estrutura semántica sentido composicional fronte a sentido non composicional. Finalmente, os frasemas somáticos poden ter natureza metafórica ou metonímica.

Estas observacións sumarias deberían ser respaldadas por un exame máis profundo a partir dunha nomenclatura máis ampla así como por un estudo contrastivo. Así mesmo, a creación dun dicionario fraseolóxico permitiría paliar a falta actual deste tipo de dicionarios en kikôngò.

6. Referencias bibliográficas

- BENTLEY, William Holman (1895): *Appendix to the Dictionary and Grammar of the Kongo language. As spoken at the San Salvador, the Ancient Capital of the Old Kongo Empire, West Africa*. London: Baptist Missionary Society, Kegan Paul, Trench, Trübner & CO., LTD.
- BLANCO MELLADO, Carmen (2004): *Fraseologismos somáticos del alemán: un estudio léxico-semántico*. Frankfurt: Peter Lang.
- BUTAYE, René (1909): *Dictionnaire Kikôngò-Français, Français-Kikôngò*. Roulers: Jules Meester.
- CATALÀ, Dolors; MELLADO, Matías (1999): “Une clé d’accès au sens: la métaphore”, en SIERRA AYALA, Lina; BARRUECO, Sebastián; HERNÁNDEZ, Esther (eds.): *Lenguas para fines específicos VI. Investigación y enseñanza*. Alcalá: Universidad de Alcalá; 371-377.
- CATALÀ, Dolors; MELLADO, Matías (2001): “Les expressions figées: applications pédagogiques”, en MAYNOU, Neus; TOST, Manuel A. (eds.): *Repères et applications en didactique des langues*. Barcelona: ICE Universitat Autònoma de Barcelona; 211- 222.
- CATALÀ, Dolors; MELLADO, Matías (2004): “Les expressions figées: processus d’acquisition”, en MOURÓN FIGUEROA, Cristina; MORALEJO GÁRATE, Teresa (coords.): *Studies in Contrastive Linguistics, Proceedings of the 4th International Contrastive Linguistics Conference*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela; 95-103.
- COBE, Francisco Narciso (2010): *Novo dicionário Português Kikôngò*. Luanda: Mayamba Editora.
- CORTÈS, Colette (1999): “Phraséologie et corps humain. Étude comparative de la représentation du corps humain dans les expressions phraséologiques en français et en allemand”, en CORTÈS, Colette (ed.): *Cahiers du C.I.E.L. Sémiotique, langage du corps et cognition, 1998-1999*. Paris: Centre Interlangue d’Études en Lexicologie; 85-109.
- CRUDU, Mihai (2014): “L’odorat dans la phraséologie française et roumaine”, en ZAFIU Rodica; DRAGOMIRESCU Adina; NICOLAE Alexandru (eds.): *Limba română*:

- diacronie și sincronie în studiul limbii române*, II. Bucarest: Editura Universității din București; 273-282.
- DA SILVA MAIA, António (1994): *Dicionário complementar Português-Kimbundu-Kikôngò. (Linguas do centre de Angola)*. Luanda: Editorial Nzila.
- DEREAU, Léon (1957): *Lexique kikôngò-français, français-kikôngò, d'après le dictionnaire de K. E. LAMAN*. Namur: A. Wesmael-Charlier.
- DUBOIS-CHARLIER, Françoise (2005): “À propos de certaines locutions en français”, en *Linx* 53 [en liña]; 55-70. [<http://linx.revues.org/259>; DOI: 10.4000/linx] [22.3.2016].
- FEKETE, Gabriella (2003): *Les phrasèmes concernant les parties du corps en français et en hongrois (Le cas de structures avec ‘ avoir ‘ et de leurs équivalents en hongrois)*. Tesiña do D. E. A. de Ciencias da Linguaxe. [http://www.ddl.ish-lyon.cnrs.fr/fulltext/Fekete/Fekete_2003.pdf] [07.12.2016].
- GONZALEZ REY, Isabel (2007): *La didactique du français idiomatique*. Cortil-Wodon: EME Editions.
- GROSS, Gaston (1996): *Les expressions figées en français - noms composés et autres locutions*. Paris: Éditions Ophrys.
- GROSS, Gaston (2012): *Manuel d'analyse linguistique. Approche sémantico-syntaxique du lexique*. Villeneuve d'Ascq: Presses universitaires du Septentrion.
- LAMAN, Karl Edward (1936): *Dictionnaire Kikôngò-Français avec une étude phonétique décrivant les dialectes les plus importants de la langue dite kikôngò*, vol. I e II. Bruxelles: Institut Royal Colonial Belge.
- LUNTADILA NLANDU, Inocente (2015): *Nominalisations en kîsikôngò (H16): les substantifs prédicatifs et les verbes-supports sá, tá, sála et vânga (= faire)*. Tese de doutoramento. Barcelona: Universitat Autònoma de Barcelona.
- MARTINS-BALTAR, Michel (1999): “Le champ lexical ‘le corps dans la langue’: Un objet privilégié pour l’onomasiologie et pour la rhétorique”, en CORTÈS, Colette (ed.): *Cahiers du C.I.E.L. Sémiotique, langage du corps et cognition*, 1998-1999. Paris: Centre Interlangue d’Études en Lexicologie; 71-84.
- MARTINS-BALTAR, Michel; CALBRIS, Geneviève (1997): *Le corps dans la langue. Esquisse d'un dictionnaire onomasiologique. Notions et expressions dans le champ de la “dent” et de “manger”*. Tübingen: M. Niemeyer.
- MEJRI, Salah (1997): *Le figement lexical. Descriptions linguistiques et structuration sémantique*. Túnez: Publications de la Faculté des Lettres de la Manouba.
- MEL’ČUK, Igor (2013): “Tout ce que nous voulions savoir sur les phrasèmes, mais...”, en *Cahiers de lexicologie. Revue internationale de lexicologie et lexicographie* 102; 129-149.
- MELLADO BLANCO, Carmen (2004): *Fraseologismos somáticos del alemán: un estudio léxico-semántico*. Frankfurt: Peter Lang.
- NDONGA, Mfuwa (2011): “Le kikôngò”, en BONVINI, Emile *et al.* (dirs.): *Dictionnaire des langues*. Paris: PUF (Presses Universitaires de France); 167-175.
- REY, Alain; CHANTREAU, Sophie (1997): *Dictionnaire d'expressions et locutions*. Paris: Le Robert.

7. Glosario temático

Neste glosario están recollidos todos os frasesmas do kikôngò utilizados no artigo, coas traducións empregadas no texto e acompañadas algunhas delas de expresións sinonímicas.

1. *Fwa méeso*: morrer os ollos = ser cego
2. *Kanga méeso*: pechar os ollos = permitir, deixar estar
3. *Langidila ye méeso*: vixiar de preto, vixiar atentamente = ter no punto de mira, ter baixo custodia
4. *Sá méeso*: poñer os ollos = desexar
5. *Tukisila méeso*: abrir os ollos de par en par, como pratos = manifestar desaprobación
6. *Zibula méeso*: abrir os ollos = prestar atención
7. *Bwisa mbúndu*: facer caer o corazón = quitar a sede, calmar a sede
8. *Fimpa mbúndu*: examinar o corazón = facer un exame de conciencia
9. *Kanga mbúndu*: pechar o corazón = fortalecerse, facerse máis duro
10. *Titila mbúndu*: tremer o corazón = ter medo
11. *Zaya mu mbúndu*: coñecer de corazón = coñecer perfectamente
12. *Kaka kivùmu*: obstruír o ventre = estar estrinxido
13. *Katula kivùmu*: quitar o ventre = abortar
14. *Luta kivùmu*: pasar o ventre = ter diarrea
15. *Nata kivùmu*: levar o ventre = estar embarazada
16. *Baka mu móoko*: coller pola man = pillar en plena acción, en flagrante delito
17. *Bulana móoko*: golpearse as mans = chegar ás mans
18. *Vàana móoko*: dar as mans = axudar
19. *Zinga móoko*: cruzar os brazos = dar igual, mostrar indiferenza
20. *Baka méeno*: coller os dentes = afiarse
21. *Fwa méeno*: morrer os dentes = desafiarse
22. *Fwa máalu*: morrer os pés = estar paralítico
23. *Sá máalu*: facer os pés = apurar
24. *Bela núlu*: estar enfermo do peito = ter pneumonía
25. *Bula núlu*: golpear o peito = responder por algo

26. *Sumpika va ntúlu*: poñer sobre o peito = dar o peito
27. *Fwa mátu*: morrer as orellas = estar xordo
28. *Zibula mátu*: abrir as orellas = escoitar con atención
29. *Fwa nima*: morrer as costas = ser estéril
30. *Baka nkila*: coller o rabo = fracasar
31. *Kala ntú*: ser a cabeza = ter superioridade
32. *Bakila mu mbómbó*: coller polo nariz = tomar a palabra
33. *Fila luse*: virar a cara = enfrontar
34. *Wa va kosi*: escoitar pola caluga = non escoitar, facer oídos xordos
35. *Songidila nlémbo*: sinalar co dedo = indicar reprobación, condenar
36. *Kanga nwà*: pechar a boca = calar
37. *Kulula n'ima*: baixar o corazón = relaxarse, tranquilizarse

